



Proxecto:	Parque eólico Campo das Rosas e a súa infraestrutura de evacuación
Documento:	Resposta do promotor ao informe da DXPC do Estudo de impacto ambiental
Localización:	A Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)
Promotor :	Naturgy Renovables, S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Data rexistro:	10.02.2022
Expedientes :	03.I.516.2021 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3266/2021 (Servizo de Arquitectura)

ANTECEDENTES E FEITOS:

En relación co proxecto de referencia atópase nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o seguinte antecedente:

- *Estudo de impacto ambiental parque eólico de Campo das Rosas e a súa liña de evacuación asociada. 14/12/2020" e "Parque eólico Campo das Rosas. Proxecto de execución Modificado nº 1 de infraestrutura eléctrica de evacuación. Febreiro 2020", informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 28.12.2021. Neste informe dicíase, entre outras consideracións:*
 - *O emprazamento do aerogenerador CR01 deberá desprazarse o suficiente para non invadir co varrido das aspas o contorno de protección do chozo de Pedra Longa. Este aerogenerador tamén é o que está máis próximo á Casa de Monteagudo, polo que se valoraría favorablemente, por parte desta dirección xeral, un desprazamento maior para reducir a súa presenza nas visuais.*

O 03.02.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito de Sofía Santos Pérez en relación coa alegación presentada no trámite de información pública contra o parque eólico Campo das Rosas pola súa afección visual sobre a casa e hórreo de Monteagudo, así como sobre o grupo escultórico Monteagudo.

O 08.02.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais polo que, en relación co proxecto de referencia, se achega un documento presentado por Sofía Santos Pérez.

O 10.02.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais polo que, en relación co proxecto de referencia, se achega a resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2021 e se solicita que emita as consideracións que estime oportunas.

A tal efecto achégase o enlace para descargar a seguinte documentación:

- Resposta de Naturgy Renovables SLU ao informe sobre o estudo de impacto ambiental do 28.12.2021.
- Adenda nº 1 ao estudo de impacto ambiental: valoración ambiental tras a eliminación da posición CR01.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)

Análise dos documentos e con sideracións técnicas:

Resposta de Naturgy Renovables SLU ao informe da DXPC do 28.12.2021 :





- Trátase dun documento asinado, en febreiro de 2022, pola arqueóloga M^a Carmen Álvarez García da empresa Arkaios S.L. no que se dá resposta a algúns puntos das consideracións e condicionantes do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2021 relacionados coa distancia das obras aos elementos do patrimonio cultural, a ficha do Gravado do Outeiro de Carvelo e a avaliación do impacto sobre o Petróglifo de Monte de Laxoso e necrópole de Coto de Corvo. Xúntase un Informe da prospección complementaria da liña de evacuación do parque eólico Campo das Rosas, asinado tamén en febreiro de 2022 pola mesma arqueóloga.
- Este informe complementa os traballos da prospección arqueolóxica intensiva do ámbito de 200 m da infraestrutura de evacuación, os seus apoios e accesos e conclúe con que non se detectaron novos elemento do patrimonio cultural dentro da área obxecto de estudo, polo que non se altera a valoración de impactos e proposta de medidas correctoras expostas no estudo de impacto cultural do ano 2019 e documentación adicional de 2021.

Adenda nº 1 ao estudo de impacto ambiental:

- Este documento ten por obxecto valorar ambientalmente a proposta de eliminación do aeroxerador CR-01, a gabiá de interconexión e o tramo de vial comprendido entre os aeroxeradores CR-01 e CR-03, manténdose a posición e características do resto dos aeroxeradores do parque eólico. Esta proposta de eliminación do aeroxerador CR-01 realízase para dar resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2021.
- En relación co **patrimonio cultural**, no punto 3.2.4 *Impactos sobre o patrimonio cultural e arqueolóxico*, indícase que os cambios propostos presentan unha mellora respecto á afección a elementos do patrimonio cultural inventariados debido a que se desafecta a área de cautela do elemento Chozo de Pedra Longa e se reduce a visibilidade do parque eólico desde a Casa de Monteagudo.

Mantense a valoración e medidas correctoras establecidas no Estudo de impacto ambiental e a súa adenda.

- Como conclusión indícase que coa eliminación da posición CR-01 se reduce a afección sobre os principais factores ambientais: menor ocupación territorial, menor superficie de vexetación afectada, menor volume de obra, menor risco de colisión de avifauna e quirópteros, redución do impacto paisaxístico asociado á intrusión visual e como consecuencia do impacto turístico e eliminación da afección aos elementos do patrimonio cultural.

En relación coa alegación presentada por Sofía Santos Pérez, cómpre dicir que o escrito presentado o 03.02.2022 e a súa documentación anexa é o mesmo que o presentado anteriormente en fase de información pública, no cal comunican que, na súa opinión, a casa e hórreo de Monteagudo, na parroquia de Codeseda (A Estrada) e o grupo escultórico "Monteagudo" se verán gravemente prexudicados polo impacto visual dos aeroxeradores do parque eólico Campo das Rosas.

O promotor do parque eólico, a petición desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, presentou unha análise da afección visual do parque eólico Campo das Rosas sobre a Casa Monteagudo e o hórreo, que se tivo en conta no informe emitido o 28.12.2021.

O documento presentado por Sofía Santos Pérez, que nos chega a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o 08.02.2022, analiza o estudo visual aportado polo promotor, facendo anotacións e observacións sobre carencias e desconformidades que aprecia na información aportada.

No que atinxe ao patrimonio cultural, a alegación baséase na protección que lle outorga o PXOM da Estrada, aprobado no ano 2013, á casa e hórreo de Monteagudo, así como nas actuacións e iniciativas, relacionadas ca arte e paisaxe, levadas a cabo desde o ano 1999, como é o grupo escultórico "Monteagudo", do escultor alemán Ulrich Rückriem. Tamén en que o arquitecto Juan Navarro Baldeweg levou a cabo a súa rehabilitación no ano 2002.

Cómpre sinalar que a casa e hórreo de Monteagudo, xunto coa adxacente capela de San Brais, tamén catalogada no PXOM, contan con ámbitos de protección específicos delimitados e reflectidos na planimetría e nas fichas do catálogo. Segundo o indicado no artigo 183 da normativa urbanística da Estrada, dentro das áreas de protección requírese autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



Os 4 aerogeradores do parque eólico visibles proxéctanse a distancias entre 1.300 e 2.500 m, o que supón que se sitúan afastados e fóra dos ámbitos de protección específicos delimitados, polo tanto fóra do ámbito no que conforme ao planeamento vixente e a lexislación de patrimonio cultural é preceptivo o informe da DXPC.

Na alegación indícase unha posible afección visual ao grupo escultórico de arte contemporánea do escultor alemán Ulrich Rückriem e á obra de rehabilitación do edificio catalogado realizada por Navarro Baldeweg. Porén non son estes aspectos culturais os protexidos, senón o edificio preexistente que os contén, protexido xa en planeamentos anteriores. A protección do patrimonio cultural non deriva pois nin da existencia do grupo escultórico nin do interese arquitectónico da intervención contemporánea de rehabilitación.

Unha vez analizados os documentos *Resposta de Naturgy Renovables SLU ao informe sobre o estudo de impacto ambiental do 28.12.2021* e *Adenda nº 1 ao estudo de impacto ambiental: valoración ambiental tras a eliminación da posición CR01*, estímase que a documentación presentada da resposta ás consideración feitas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2021. Asemade, as modificacións introducidas no proxecto do parque eólico Campo das Rosas e reflectidas na *Adenda nº 1 ao estudo de impacto ambiental: valoración ambiental tras a eliminación da posición CR01* eliminan o impacto que se orixinaba no contorno de protección do elemento etnolóxico Chozo de Pedra Longa, así como diminúen a presenza do parque eólico nas visuais desde a Casa de Monteagudo, pola eliminación dun dos aerogeradores, en concreto o máis próximo a ela, quedando agora o aerogenerador máis próximo a 1,85 Km.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación e nas consideracións técnicas, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural se informa de xeito **favorable** os documentos *Resposta de Naturgy Renovables SLU* e *Adenda nº 1 ao estudo de impacto ambiental: valoración ambiental tras a eliminación da posición CR01*, manténdose, en todo caso, o resto das condicións establecidas no informe desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2021.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

